

ACTUALIDADE SOBRE POLÍTICAS E PROGRAMAS EUROPEOS

NÚMERO 32

DO 16 AO 30 DE SETEMBRO 2008

Contido

Política comunitaria

A Comisión pon en marcha unha consulta sobre a forma de conseguir que Europa lidere a transición á web 3.0.

Páxina 1

Programas Europeos

Convocatorias vixentes

Páxinas 2-4

Noticias

JASMINE, apoio ás institucións de microcrédito

O Instituto europeo de Innovación e Tecnoloxía, inicia a súa actividade

Páxina 5

Política Comunitaria

A Comisión pon en marcha unha consulta sobre a forma de conseguir que Europa lidere a transición á Web 3.0

http://ec.europa.eu/information_society/eeurope/i2010/index_en.htm
<http://ec.europa.eu/yourvoice/ipm/forms/dispatch?form=IoTconsultation>

Europa podería liderar a próxima xeración de Internet. A Comisión Europea resumiu os principais pasos que Europa ha de dar para responder á nova etapa da revolución da información, que se intensificará nos anos vindeiros debido a tendencias como as redes sociais, o cambio decisivo a servizos empresariais en liña, os servizos nómades baseados nos sistemas GPS e a televisión móbil, e o crecemento das etiquetas intelixentes.

Os usuarios europeos acceden a Internet de forma cada vez máis rápida e vantaxosa: a finais de 2007, a metade deles tiña acceso á banda ancha a máis de 2 megabits por segundo (Mbps), unha velocidade dous veces superior á de hai un ano e que permite ver televisión por Internet. A banda ancha chega xa ao 70% da poboación rural dos 27 Estados membros da UE, reducindo a diferenza en relación coa cobertura total (93%). O ano pasado, a cobertura da banda ancha nas zonas rurais da EU-25 incrementouse un 8%.

Iso significa que comezou unha nova xeración de uso de Internet, cun potencial evidente para a economía europea. Mentres que un 25% dos europeos utilizaba os sitios da Web 2.0 en 2007, estanse a desenvolver aplicacións empresariais das redes sociais. Tamén se prevé que os programas de Internet para as empresas se expandan en todo o mundo a un ritmo do 15% durante o período 2006-2011.

As novas aplicacións tecnolóxicas necesitarán unha cobertura ubicua de Internet. Coa «Internet dos obxectos», a rede converterase no medio de interacción de

máquinas, vehículos, aparatos, sensores e moitos outros dispositivos. Grazas a ela, os billetes electrónicos son xa unha realidade, e os dispositivos móbiles poderán intercambiar datos para realizar pagamentos ou para obter información. Calcúlase que máis de mil millóns de teléfonos irán equipados con esta tecnoloxía de aquí a 2015.

Todo iso supón unha grande oportunidade para as empresas da UE, sempre que haxa investimentos abondos no acceso de banda ancha de alta velocidade e se apoie a innovación e a investigación. A Comisión iniciou unha consulta pública sobre as respostas políticas e do sector privado a estas oportunidades

A Comisión elaborou tamén un novo índice de eficacia da banda ancha, que compara a competencia, a cobertura, a velocidade e a calidade do acceso de Internet en toda Europa. Mostra que a UE está ben situada para aproveitar as oportunidades que ofrece a banda ancha, grazas a un ámbito competitivo e aberto para os investimentos. O índice reflicte o liderado indiscutible de Suecia e os Países Baixos, gracias a un ámbito propicio á competencia e ás cualificacións dos seus cidadáns e empresas, que lles permiten utilizar servizos avanzados. Por outra banda, unha competencia escasa pode frear o investimento en tecnoloxías avanzadas e encarecer os prezos. Factores sociais como a falta de cualificacións dixitais, unha penetración de ordenadores limitada e pouco gasto en TIC tamén parecen constituir barreiras importantes que impiden progresar.

Programas europeos

Convocatorias vixentes

Cooperación entre Clústers rexionais de investigación.

7º PROGRAMA MARCO. Programa Capacidades.

Convocatoria FP7-REGIONS-2009-1

http://cordis.europa.eu/fp7/dc/index.cfm?fuseaction=UserSite.FP7DetailsCallPage&call_id=167

Os obxectivos desta convocatoria son:

- ↳ Incrementar a capacidade dos actores rexionais para promover o desenvolvemento baseado na ciencia e a tecnoloxía.
- ↳ Reforzar a capacidade das rexións para invertir en investigación e desenvolvemento tecnolóxico.
- ↳ Apoiar o desenvolvemento de estratexias rexionais de investigación que poidan ser integradas nas estratexias de desenvolvemento económico.

Os proxectos deberán enfocarse á creación de mercados líderes mediante a promoción do uso sostible dos recursos naturais e do ámbito natural e do humanizado. En concreto propóñense 5 mercados líderes baseados na axeitada xestión dos recursos naturais:

1. Enerxías renovables (xestión da auga, do bosque e do chan)
2. Produtos biolóxicos (xestión da auga, dos bosques e do chan)
3. Construción sostible (xestión dos bosques)
4. Tecidos protectores (xestión de auga e xestión de residuos)
5. Reciclaxe (xestión da auga, do chan e de residuos).

Valoraranse enfoques horizontais baseados no desenvolvemento de eco-tecnoloxías, especialmente fundamentadas nas ciencias naturais, a biotecnoloxía e a bioquímica.

Actividades a desenvolver:

1. Análise e integración das axendas investigadoras.

Análise detallado da situación actual dos clusters e das capacidades rexionais relacionadas co tema de investigación seleccionado. Esta análise, que se realizará coa implicación dos actores locais, contemplará as posibilidades de desenvolver sinerxías e oportunidades de aprendizaxe mutua, intercambio de boas prácticas e titorización daquelas rexións menos desenvolvidas.

2. Integración

Definición dun Plan de Acción Conxunto. O Plan de Acción Conxunto definirá a estratexia de parcería para o desenvolvemento económico a través da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico nun sector dado. Este Plan incluirá, entre outras, accións específicas de mobilidade, transferencia de habilidades, uso conxunto de infraestruturas de I+D, mellorar a accesibilidade das PEME á innovación, medidas de titorización e actividades de difusión.

3. Medidas de implementación do Plan de Acción Conxunto.

Estas medidas deberán contemplar actividades de titoría, cooperación internacional, actividades de difusión, de intercambio de expertos ou de busca de proxectos conxuntos. Medidas destinadas a fomentar o asociacionismo empresarial ou de networking de empresas, non serán financiadas. Finalmente, espera que os socios do proxecto tomen parte do Club Europeo de xestores de Clusters e no Observatorio europeo de clusters.

O número de participantes mínimo serán 3 clusters rexionais de investigación, procedentes de 3 Estados membros diferentes. Cada cluster deberá estar formado por polo menos tres tipos de entidades:

- a) Entidades investigadoras - Universidades, organismos de investigación, etc.
- b) Empresas
- c) Autoridades rexionais/locais (governos locais e/ou rexionais, axencias de desenvolvemento rexional, etc.)

A duración dos proxectos será de **36 meses**.

O financiamento poderá acadar o 100% dos custos elixibles, se ben se estima que o financiamento comunitario se situará **entre 1 e 3 millóns de euros**.

A data límite para a presentación de proxectos é o **27 de xaneiro de 2009**.



Convocatorias vixentes

LIFE+ 2008

<http://ec.europa.eu/environment/life/funding/lifeplus.htm>

<http://ec.europa.eu/environment/life/contact/nationalcontact/index.htm>

O 15 de xullo abriuse a convocatoria de propostas para LIFE+ 2008. Os temas que abranguen a presente convocatoria son:

1. **Natureza e biodiversidade** LIFE+: ten como obxectivo principal protexer, conservar, restaurar, supervisar e facilitar o funcionamento dos sistemas naturais, os hábitats naturais e a flora e a fauna silvestres, co fin de deter a perda de biodiversidade, e, en particular, a diversidade de recursos xenéticos, na Unión Europea de aquí a 2010.
2. **Política e gobernanza ambientais** LIFE+: entre os obxectivos principais están os que teñen que ver co cambio climático, a auga, o aire, o chan, o medio urbano, o ruído, o medio e saúde, os recursos naturais e residuos, a silvicultura, a innovación e os enfoques estratéxicos.
3. **Información e comunicación** LIFE+: o seu obxectivo é divulgar información e fomentar a sensibilización en torno aos temas ambientais, incluída a prevención de incendios forestais; avalar as medidas de acompañamento como información, actividades e campañas de comunicación, conferencias e formación, incluída a formación en prevención de incendios forestais.

A porcentaxe de contribución financeira comunitaria ascenderá como máximo ao 50% dos gastos subvencionables en cada un dos tres temas que abrangue a convocatoria. Excepcionalmente, no tema "Proxectos sobre natureza e biodiversidade LIFE+" poderase aplicar unha porcentaxe máxima de cofinanciamento do 75% ás propostas dedicadas a hábitats ou especies prioritarias recollidas nas Directivas sobre aves e hábitats.

As propostas de proxectos presentaranse ás autoridades nacionais competentes antes do **21 de novembro de 2008** e enviaranse ás autoridades nacionais do Estado membro no que estea rexistrado o beneficiario. A continuación, as autoridades nacionais presentarán as propostas á Comisión antes do **5 de xaneiro de 2009**.

O presuposto xeral para a convocatoria LIFE+ 2008 é de **207.500.000 EUR**.

A asignación financeira que lle corresponde ao Estado español é duns **22.228.050 EUR**.



Convocatorias vixentes

MEDIA 2007. Medidas de apoio á promoción e o acceso ao mercado: festivais audiovisuais

http://ec.europa.eu/information_society/media/index_en.htm

Os obxectivos desta convocatoria do programa MEDIA son:

- facilitar e fomentar a promoción e a circulación das obras audiovisuais e cinematográficas europeas en actos comerciais, en mercados profesionais e en festivais audiovisuais dentro e fóra de Europa, dado que os devanditos actos poden desempeñar un papel importante para a promoción das obras europeas e a interconexión dos profesionais,
- mellorar o acceso do público europeo e internacional ás obras audiovisuais europeas.


Esta convocatoria está destinada aos organismos europeos establecidos nun dos Estados membros da Unión Europea, nun dos países do Espazo Económico Europeo que participan no programa MEDIA 2007 (Islandia, Liechtenstein, Noruega), así como Suíza e Croacia. Os devanditos organismos europeos deben poñer en marcha **festivais audiovisuais** con actividades que contribúan á realización dos obxectivos mencionados anteriormente e cunha programación total que exhiba, como mínimo, un 70% de obras europeas procedentes de, cando menos, dez dos países que participan no programa MEDIA.

O presuposto máximo dispoñible en virtude da presente convocatoria de propostas ascende a **3.500.000 EUR**.

A axuda financeira da Comisión non poderá ser superior ao 50% do total dos custos admisibles.

O importe máximo de subvención será de **75.000 EUR**.

O prazo límite para a presentación de propostas é o **31 de outubro 2008**.



Noticias

Lanzamento de JASMINE para apoiar as institucións de microcrédito

<http://europa.eu/rapid/pressReleasesAction.do?reference=IP/08/1312&format=HTML&aged=0&language=EN&guiLanguage=en>

A Comisaria Hübner anunciou o lanzamento do JASMINE, un novo mecanismo de financiamento desenvolvido en cooperación co Banco Europeo de Investimentos.

Recoñecendo a importancia dos micronegocios para o fomento do emprego en Europa, a iniciativa pretende proporcionar axuda financeira e doutro tipo para apoiar o desenvolvemento de institucións de microfinanciamento nos Estados membros como intermediarios financeiros cribles capaces de apoiar aos que desexen establecer ou desenvolver un micro-ne-

gocio ou traballar como autónomos. JASMINE financiará determinadas operacións das institucións non bancarias que traballan neste sector.

Un aspecto innovador de JASMINE radica en que reúne a institucións da UE con outros socios como bancos privados e públicos, membros da rede Eurofi e outras organizacións doadoras. A axuda inicial inclúe da orde de 40-45 millóns de euros que estarán inicialmente dispoñibles a través de recursos da política de cohesión, xunto a contribucións adicionais do Banco Europeo de Investimentos

(BEI) e do Fondo Europeo de Investimentos (FEI). Lanzarase a comezos de 2009 como proxecto piloto de tres anos de duración.

O novo mecanismo de financiamento será xestionado dentro do FEI e contribuirá a promover as mellores prácticas no campo da microfinanza e a mellorar as capacidades das institucións de microfinanza. O cumprimento das normas consensuadas de boas prácticas será recoñecido coa concesión dun selo de calidade.



O Instituto Europeo de Innovación e Tecnoloxía (IET) inicia as súas actividades

<http://eit.europa.eu>

O Instituto Europeo de Innovación e Tecnoloxía (IET), a iniciativa insignia da UE para impulsar a innovación en Europa, marca o inicio das súas actividades coa primeira reunión da súa Xunta de Goberno, recentemente nomeada.

O Instituto Europeo de Innovación e Tecnoloxía é unha importante iniciativa da UE que ten como obxectivo fomentar a excelencia na innovación europea así como proporcionar novas solucións para grandes desafíos, tales como o cambio climático, as enerxías renovables ou a próxima xeración das tecnoloxías da información e a comunicación.


Para conseguir os seus ambiciosos obxectivos, dotouse o IET dunha Xunta de Goberno plenamente independente e

de alto nivel, que ten a responsabilidade de trazar as orientacións estratéxicas do IET e de seleccionar, supervisar e avaliar a base operativa do Instituto, as denominadas comunidades de coñecemento e innovación. Os dezoito membros da Xunta de Goberno proceden do mundo da empresa, o ensino superior e a investigación, e todos eles demostraron ter unha grande experiencia na innovación de alto nivel.

Espera que a Xunta de Goberno, na súa primeira reunión en Budapest, tome unha serie de importantes decisións polas que se determine o funcionamento do IET, entre elas, a elección do Presidente e dos outros catro membros do Comité Executivo. Ademais, a Xunta de Goberno debaterá os primeiros pasos para a selección das

primeiras dúas ou tres comunidades de coñecemento e innovación a principios de 2010.

Ademais de Ferenc Gyurcsány, Primeiro Ministro de Hungría, José Manuel Barroso, Presidente da Comisión, e Ján Figel', Comisario responsable de Educación, Formación, Cultura e Xuventude, tamén participaron na reunión József Pálinkás, Presidente da Academia de Ciencias de Hungría, Károly Molnár, Ministro sen carteira responsable de investigación e desenvolvemento, Rodi Kratsa-Tsagaropoulou, Vicepresidente do Parlamento Europeo, Valérie Pécresse, Ministra de Ensino Superior e Investigación e representante da Presidencia Francesa, e László Kovács, Comisario responsable de Fiscalidade e Unión Aduaneira.



Axenda

22-24 de outubro 2008

2nd Europe INNOVA Conference

Lugar: Lyon, Francia

Organiza: DX Empresa e Industria

<http://www.europe-innova.org/index.jsp?type=page&cid=9304&lg=en>

27-28 de outubro 2008

Foro de Cooperación Interrexional da UE

Lugar: Lille, Francia

Organiza: INTERREG IV C

www.interreg4cforum.eu

6-7 de novembro 2008

7 Conferencia Europea sobre e-learning (ECEL)

A ECEL convértese nos últimos anos no maior evento celebrado deste tipo e agrupa a investigadores e profesionais co obxectivo de explorar, avanzar e mellorar o e-learning.

Lugar: Crecian Bay Hotel – Agia Napa, Chipre

Organiza: Departamento de Ciencia Informática da Universidade de Chipre

<http://www.academic-conferences.org/ecel/ecel2008/ecel08-home.htm>

25-27 de novembro 2008

TIC 2008: “I” para o futuro:

Invención, Innovación, Impacto

A principal cita europea sobre investigación en TIC

Lugar: Lyon, Francia

Organiza: DX Sociedade da Información

http://ec.europa.eu/information_society/events/ict/2008/index_en.htm

Contacto



Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia

Contacto:
info@fundacioncalidade.org